



MENSAXE DE NADAL:

A Corporación Municipal de Vedra desexa para este 2026 que se achega:

#PAZ

#SAÚDE

#ILUSIÓN

#SOLIDARIEDADE

#CONCORDIA

#FAMILIA



INFORMACIÓN DE CATASTRO EN VEDRA

■ Servizo gratuíto polo que aposta o Concello de Vedra:

- DATA PARA O MES DE DECEMBRO: O MARTES 16.

Obrigatorio asistir con reserva de cita no teléfono 981 814 612 (en horario de 9:00 a 14:00 h).

IMPORTANTE: Só se darán citas para asuntos relacionados con bens catastrais dentro do termo municipal.

SABÍAS QUE...

■ OS CAMBIOS NOS TRIBUTOS CON EFECTOS NO EXERCICIO DO 2026 TEÑEN QUE ESTAR TRAMITADOS ANTES DO 31 DE DECEMBRO DO 2025?

- BENEFICIOS FISCAIS

- IVTM (antigüidade do vehículo, discapacidade,...)
- IBIU (familia numerosa, enerxía solar,...)
- DOMICILIACIÓNS (modificacións, baixas,...)
- CAMBIOS DE TITULARIDADE

DECEMBRO

L	M	MC	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				

“VEDRA POLO MUNDO” NO 2026 REPASAREMOS OS CASOS DE XENTE DE VEDRA QUE VIVE FÓRA!

■ Cada mes contaremos a historia de alguén de Vedra que vive, estuda, traballa, fóra do noso territorio.

Para iso precisamos a túa colaboración! Se es unha desas persoas ou coñeces a alguén...

escríbenos a cultura@concellodevedra.gal ou envía un whatsapp ao 663 893 398



Deste xeito chegaremos a máis casos e poderemos ser máis plurais!!

REPARACIÓN DA ILUMINACIÓN PÚBLICA

■ Se detectas algunha anomalía na iluminación pública municipal chama ao 699 304 702 para así poder arranxala. LEMBRA que o alumeadado é led e está programado, polo que o cambio horario recentemente estreado pode implicar certos desaxustes neste sistema.





ASÍ FOI MUNICIPAL



Presentación da exposición fotográfica "A Parroquia Sempre" de Jesús Failde Oro a través do Consello da Cultura Galega.



Visita da Asociación AGADEA á exposición "A Parroquia Sempre".



Magosto da Terceira Idade de Vedra.



Concurso de Doces Caseiros no Centro Social de Vedra.



Concerto da "Muller Orquestra e os Bolechas" grazas á Rede de Dinamización Lingüística da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.



Excursión a Málaga e Granada da Terceira Idade de Vedra.



Presenza de Vedra no *Fairway 2025*.



Presentación de resultados do Proxecto Arqueolóxico San Xoán da Cova.



Visita do alumnado de Educación Social da USC a Vedra.



Visita dun grupo de Vilanova de Arousa no Camiño de Inverno ao seu paso por Vedra.



Reunión da Asemblea de cooperación pola Paz Galicia, que celebrou no Centro de Emprendemento o seu 20º aniversario.



Xornada Formativa sobre pragas e enfermidades en froiteiras celebrada polo Sindicato Labrego Galego.



Vedra na Asamblea Xeral da Rede de Cidades polo Clima celebrada na Sede da FEMP en Madrid.



Unha das actividades da ludoteca, que gozou do concerto da Muller Orquestra dos Bolechas.

ASÍ FOI NAS ASOCIACIÓNS



Magosto da Asociación da Terceira Idade "O Burgo".



Magosto da Comisión de Festas de Vilanova.



Circuíto Galego de Teatro Amador coa Asoc. Cultural Papaventos e a colaboración de FEGATEA.



Representación da obra "Asuntos Escuros" da Asoc. de Maiores de Boqueixón organizada pola AAVV de Sta Cruz.



Máis teatro na Casa da Cultura de Santa Cruz coa obra "O Latricar de Vedra" do Grupo de teatro de maiores do Centro Social de Vedra.




Actividade "Vidas Migrantes" das Asociacións "Papaventos" e "Raiceiros".



Polada coa Comisión de Festexos de San Xián.



Charla sobre límites e comunicación eficaz, con Adriana Rodríguez Millán, organizada pola ANPA do CPI de Vedra.



Charla sobre os riscos do ocio nocturno, con Martín Camba, organizada pola ANPA do CPI de Vedra.



Foro da Asociación Defensa da Ulla Verde sobre a valoración sobre o impacto previsible do viñado industrial na Ribeira do Ulla.

XULGADO DE PAZ

■ **ATENCIÓN AO PÚBLICO EXCLUSIVAMENTE OS MARTES e XOVES.**

Consultas telefónicas tamén os martes e xoves no número 981 502 305.

HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO DE 10:00 A 13:00 HORAS.

Enderezo electrónico: registrocivil.vedra@xustiza.gal



PUNTO LIMPO

■ Podes deixar o refugallo que non pode ir nos colectores no noso punto limpo situado o lugar de Fornelos, Vedra.

- Os martes de 09:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00 h.
- Os sábados de 09:00 a 14:00 h.

RECOLLIDA DE VOLUMINOSOS A DOMICILIO

■ Chama ao 981 814 612 e solicita que pasen a recoller os teus refugallos voluminosos.

Trátase dun servizo gratuíto que se desenvolve por orde de solicitudes e que depende do número de pedidos, polo que non sempre é inmediato.

Medio Ambiente

COMPOSTAXE DOMÉSTICA EN VEDRA

■ O Concello de Vedra dálles a oportunidade a todos os fogares do municipio para que poidan realizar unha compostaxe de calidade.

Para iso, só tes que solicitar gratuitamente o teu composteiro mandando un correo a residuoskmcero@concellovedra.gal cos teus datos: nome completo, enderezo, dni, teléfono e correo electrónico.

E se xa fas compostaxe, podes recibir asesoramento a través do teléfono da compostaxe (dispoñible de luns a venres de 16:00 a 20:00h).



Agora mesmo xa son máis de 400 familias as que fan compostaxe doméstica no noso municipio,

impedindo deste xeito que os residuos orgánicos xerados en Vedra percorran longas distancias, evitando a emisión de gases contaminantes á atmosfera e axudando na loita contra o cambio climático ao tempo que contribúen a mellorar a calidade dos nosos solos retornando a materia orgánica ao chan en forma de compost.

Apúntate á compostaxe e fai de Vedra un concello con RESIDUOS KMCERO.




A XANELA DA LINGUA...

EN GALEGO... HAI VEDRA

■ Dende este espazo de concienciación Vedra lembra a súa campaña na que pon en valor a presenza do galego cada día do ano.

En galego...
hai  Vedra





XORNADA “OBRIGAS LEGAIS, DOCUMENTAIS E CONTABLES DAS ASOCIACIÓNS”

■ Xoves 18 de decembro.

Unha acción dirixida a integrantes de asociacións e aberta ao público en xeral que busca asesorar e orientar sobre estes aspectos fundamentais ás asociacións.

• **Lugar:** Centro Emprendemento A Estación

• **Inscrición no teléfono** 981 814 695 ou cultura@concellodevedra.gal

COUSA BOA

Acción asociativa

Xornada sobre
“Obrigas legais,
documentais e contables
das asociacións”

Data: xoves 18 de decembro de 2025
Hora: de 20:00 h. a 22:00 h.
Lugar: Centro de Emprendemento A Estación

Dirixido a: integrantes de asociacións,
aberto a todas as persoas interesadas na temática.

+ INFORMACIÓN E INSCRIPCIÓN: 981814695
cultura@concellodevedra.gal

REDE PROVINCIAL DE ESPAZOS DE TRABAHO A ESTACIÓN CENTRO DE EMPRENDIMENTO

Deputación DA CORUÑA PEL

Concello de Vedra

Deporte



ETAPA DE SENDEIRISMO O SÁBADO 20 DE DECEMBRO

■ **Percorrido:** Dende Ponte Caldelas ata Carballedo.

O grupo repite destino, pois polas inclemencias meteorolóxicas non puideron realizar a etapa prevista para novembro.

Lugares e horarios de recollida do servizo de autobús:

- Saída de Mosqueiro ás 07:30 horas.
- Parada en Lestedo ás 07:40 horas.
- Parada no Breixo ás 07:45 horas.
- Parada no Hipercor ás 07:55 horas.
- Última parada na Escola de Música de Santiago ás 08:00 horas.

Infórmate sobre esta actividade no teléfono 981 814 691.



XV BTT CICLOTURISTA POLO VAL DO ULLA DOMINGO 1 DE FEBREIRO DE 2026

■ Primeira das citas arredor da camelia con esta proba que xa cumpre 15 edicións! Saída do velódromo de Vedra.

- **Inscricións:** 20 €
- **Ruta Curta:** 40 Km
- **Ruta Longa:** 62 Km

Ribadovilla

XV BTT CICLOTURISTA DA CAMELIA POLO VAL DO ULLA

1 DE FEBREIRO DE 2026

9:00 VELÓDROMO DE VEDRA

INSCRIPCIÓN: 20€

RUTA CURTA: 40km

RUTA LONGA: 62km

ORGANIZA: Concello de Vedra

COLABORA: Ribadovilla

CONCELO DE VEDRA

Ulla Oil

VEVIA PARADA A ESTACIÓN

PRZEKAS COMPOSTOUCAS S.L.

FEIRACO

INFORMACIÓN XERAL DOS SERVIZOS SOCIAIS DE VEDRA

• **Atención ao público:** Os luns, xoves e venres de 9:00 a 14:00 horas.

• **Cita previa:** Chamando ao teléfono 981 814 693 **NON É IMPRESCINDIBLE**, pero facilitará unha mellor organización e atención, polo que é recomendable.

■ VALORACIÓN, ORIENTACIÓN E ASESORAMENTO EN MATERIA SOCIAL:

Realízase de forma ininterrompida ao longo do ano de forma presencial e telefonicamente. Inclúe tarefas diversas como:

1. Información, orientación e asesoramento.
2. Xestión e tramitación de expedientes.

■ SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR:

É un servizo público de carácter local e básico que ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual.

Existen dúas modalidades de acceso:

1. Dependencia (SAAD): persoas que tendo recoñecida unha situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de programa individual de atención (PIA).



2. Libre concorrencia: persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, logo da prescrición técnica do profesional de referencia.

■ SERVIZO DE EDUCACIÓN DE APOIO FAMILIAR:

Integra un conxunto de proxectos e servizos de apoio educativo e psicosocial dirixidos ás familias, co obxectivo de prever e superar as situacións de dificultade, especialmente as eventuais situacións de maltrato infantil ou calquera outra desprotección, así como promover procesos de cambio que favorezan un adecuado exercicio das responsabilidades familiares, a mellora da autonomía, da integración e da participación social das familias e unidades de convivencia.

■ PROGRAMA BÁSICO DE INSERCIÓN SOCIAL:

Este programa procura valorar, dar resposta ou derivar ao recurso máis idóneo ás persoas en situación ou risco de exclusión social, aplicando tanto proxectos de intervención social personalizados ou de grupo como prestacións económicas específicas. Require en todo caso valoración técnica da idoneidade e necesidade. As axudas poden ser dos seguintes tipos:

1. Necesidades básicas de alimento e vestimenta.
2. Gastos derivados da atención sanitaria non cubertos pola Seguridade Social.
3. Accesibilidade e mantemento da habitabilidade.
4. Outra tipoloxía.

■ PROGRAMA DE ATENCIÓN Á PRIMEIRA INFANCIA:

A través da escola infantil municipal, que admite menores entre os 3 meses e os 3 anos de idade. Conta con 4 aulas e está xestionado de forma indirecta a través dun contrato de servizos.

O prazo ordinario de inscrición realízase cada ano entre o 16 e o 31 de marzo. As solicitudes presentadas fóra desas datas só son atendidas nos casos previstos no regulamento da EIM.



ACTIVIDADES DA TERCEIRA IDADE

■ Circuito Termal nas Termas de Outariz

Mércores 10 de decembro

Prezo: 35 € (Inclúe transporte, comida e tratamento termal; prazas limitadas)

Programa: pola mañá tratamento termal, xantar e regreso.

(O prazo de inscrición ábrese o 1 de decembro ás 17:00 h. no Centro Social. As prazas e número de asento adjudicaranse por rigorosa orde de inscrición).

■ Bingo especial de Nadal

Xoves 11 de decembro ás 20:00 h.

■ Merenda de Confraternidade de Nadal e Fin de Ano

Venres 19 de decembro ás 19:00 h.

Prezo: 15 € (é necesario retirar ticket antes do 17 de decembro) Concurso Miss e Míster Elegancia, badaladas, baile...

Actuación musical de Martín Reimúndez.

■ Festival de Nadal de Corais

Domingo 21 de decembro ás 18:00 h.

Coa participación das corais:

- Coral Polifónica Trasdeza de Silleda
- Grupo A Misela de Noia
- Coral da Terceira Idade de Vedra.



Excursión da Terceira Idade a Valença e Tui.

Muller



25N EN VEDRA

■ O Departamento de Muller e Igualdade de Vedra comparte como foi a programación arredor do Día Internacional da Eliminación da Violencia Contra a Muller:

- Representación da obra "Golpes".



- Obradoiro "As tolas que non o eran".



- Atravesemos a porta violeta.



- Libro Violeta en Vedra.



Concello de Vedra



ÁREA DE MULLER E IGUALDADE
Concello de Vedra



Pacto de Estado
contra a violencia de xénero

OUTONO EN CORES DA ANPA DO CPI PLURILINGÜE DE VEDRA

■ **Mércores 10 de decembro na Casa das Artes de Vedra.**

Unha xornada lúdico ambiental que combina ciencia, observación da natureza e expresión artística para

aproveitar a mañá desta festividade local. Unha acción na que a Anpa traballa en colaboración da Asociación Amabul e que conta coa axuda da Deputación da Coruña e o Concello de Vedra.

X CARREIRA POR MONTAÑA A CAMELIA CO CLUB VÉRTICE

■ Saída e meta en Santa Cruz de Ribadulla (Vedra).

Máis información e inscricións: <https://clubvertice.es/a-camelia/>

O Club de Montaña Vértice celebra o décimo aniversario da Carreira por Montaña A Camelia cunha fin de semana de trail: ás habituais carreiras do domingo engadimos unha proba nocturna o sábado e a opción de apuntarse a probas combinadas de sábado e domingo.

Con estes ingredientes volvemos ofrecervos unha aventura por paraxes cheas de historia, lendas e patrimonio: o bosque de ribeira do Ulla, as fervezas do seu afluente, o Pontillón, os riscos de cuarzo nas beiras do lendario desfiladeiro do Gundián, os misterios do Pico Sacro e a súas vistas espectaculares, os xardíns históricos do Pazo de Ortigueira...

A proba conta con percorridos para todos os niveis:

Sábado 7 de febreiro

- **Trail Nocturno:** 11 km / +400. O misterio e a adrenalina de correr de noite, ata o Pico Sacro e volta.
- **PequeTrail:** carreiras para peques, de 6 a 14 anos.

Domingo 8 de febreiro:

- **Trail do Pico:** 33 km / +1700. Con zonas moi técnicas e a subida ao teito da proba, o icónico Pico Sacro.
- **Trail do Castro:** 22 km / +1050. Unha distancia esixente que concentra os puntos máis vertixinosos da Camelia.
- **Trail das Fervezas:** 14 km / +530. Unha proba rápida pero que ten sorpresas técnicas e unha paisaxe espectacular.

- **Trail da Cruz do Couto:** 9 km / +280. Unha distancia adecuada para iniciarse no trail.
- **Andaina:** 12 km. A oportunidade de gozar de paisaxes maravillosas na zona do Ulla: paseo das oliveiras, carballeiras, bosques de ribeira...

Probas combinadas:

- **Combinada 33 km:** Trail Nocturno + Trail do Castro.
- **Combinada 25 km:** Trail Nocturno + Trail das Fervezas.

A inscrición xa está aberta!



FESTAS PATRONAIS DA SANTA BAIA DE VEDRA OS DÍAS 10 E 14 DE DECEMBRO

VEDRA FESTAS PATRONAIS

Mércoles
10
Decembro

SANTA EULALIA
SESIÓN VERMÚ A CARGO DO
Grupo de música tradicional
NO DELOIRO

Misa ás 13:00h.
Funcionistas: José Lobato Corbelle e
Concepción Botana Granja

Domingo
14
Decembro

**SANTA LUCÍA E
SANTA BÁRBARA**
SESIÓN VERMÚ A CARGO DE
LAURA OCAMPOS

Misa ás 13:00h.

Nadal

Nadal Municipal



Visita de Papá Noel na comunidade educativa.



Bingo Especial de Nadal.

Xoves 11 de decembro ás 20:00 h.

No Centro Sociocultural de Vedra.

BINGO ESPECIAL
de nadal

Xoves 11 de decembro

20:00 h.
Centro Sociocultural da
Terceira Idade de Vedra

Concello de Vedra



Entrega de Premios do Concurso de Tarxetas de Nadal 2025.

Martes 17 de decembro ás 17:00 h.

No Salón de Plenos Municipal.



Baile-Merenda de Nadal e Fin de Ano.

Venres 19 de decembro ás 19:00 h.

No Centro Sociocultural de Vedra.

Prezo: 15 €/ persoa

Concurso de Miss e Míster elegancia, badaladas,...

É preciso retirar tócket na Cafetería antes do 17 de decembro.

CENTRO SOCIOCULTURAL
DA TERCEIRA IDADE DE
VEDRA

VENRES 19 DE DECEMBRO DE 2025
19:00 H

PREZO: 15 €
É PRECISO RETIRAR TICKET NA
CAFETERÍA ANTES DO 17 DEC.

CONCURSO DE MISS E MÍSTER ELEGANCIA, BADALADAS...

Concello de Vedra ACTUACIÓN DE MARTÍN REIMÚNDEZ



Ludonadal 2025.

Do 22 de decembro ao 7 de xaneiro.

Durante as vacacións de Nadal a ludoteca abrirá as súas portas en horario de mañá, agás os días festivos que permanecerá pechada.

Nadal



Festival de Nadal de Corais.

Domingo 21 de decembro ás 18 h.

No Centro Sociocultural de Vedra.

Coral Polifónica Trasdeza de Silleda.

Grupo A Misela de Noia.

Coral da Terceira Idade de Vedra.



Visita dos Reis Magos a Vedra.

Luns 5 de xaneiro de 17:00 a 19:00 h.

No Centro Sociocultural de Vedra.

Recepción.

Animación musical con “Peque Disco Moc Moc”.

Chocolatada e sorpresas!



Nadal Asociativo



Concerto de Nadal organizado pola Coral Polifónica de Santa Cruz de Ribadulla.

Sábado 13 de decembro ás 19:00 h.

Na Igrexa Parroquial de Santa Cruz de Ribadulla

Programa:

Coral Polifónica A Torre de Maside (Ourense).

Coral Polifónica de Campo Lameiro (Pontevedra).

Coral Polifónica de Santa Cruz de Ribadulla. (Vedra).



Presentación do libro infantil “Sansón o último salmón”.


Luns 29 de decembro ás 17:00 h.

Autor: Ramón Blanco Calvo (veciño de San Xián de Sales)

Ilustracións: Teresa Tato Cabaleiro (veciña de San Miguel de Sarandón)

Esta iniciativa desenvolveuse no marco do Programa de Voluntariado Interxeracional do Concello de Vedra.

A cativada asistente será agasallada cun exemplar!



Espectáculo musical infantil: O Xabi Longueirón, Máis música!

Martes 30 decembro ás 12:00 h.

No Centro Sociocultural de Vedra.

Nadal



Festival de Nadal da Escola de Música de Santa Cruz de Ribadulla.

Domingo 14 de decembro ás 17:30 h.

Na Casa da Cultura de Santa Cruz.



Audicións en familia coa Escola de Música de Santa Cruz de Ribadulla Concello de Vedra.

18 e 19 de decembro ás 18:00 h.

Na Casa da Cultura de Santa Cruz.



Escola Ambiental Amabul de Nadal.

Do 22 de decembro ao 7 de xaneiro.

Na Casa das Artes de Vedra.

CASA DAS ARTES DE SAN FINS (VEDRA)

ESCOLA AMBIENTAL AMABUL

Do 22 de decembro (2025) ao 7 de xaneiro (2026)

CAMPA BENXAMIN
(Nadas/os entre 2020 e 2022)

CAMPA INFANTIL
(Nadas/os entre 2014 e 2019)

CAMPA XUVENIL
(Nadas/os antes de 2014)

PRAZAS LIMITADAS
MÁS INFO E INSCRIPCIÓNS:
www.amabul.org

AMABUL AMABUL Concello de Vedra



Cantarelas de Nadal da Asociación Cultural San Campio.

Sábado 20 de decembro ás 19:00 h.

Na Casa da Cultura de San Miguel de Sarandón.

E ás 21:00 h. "Festa de Fin de Ano" con badaladas, cotillón, música con DJ Xarly e cantina!!



Concertos coa Asociación "A Casa da Irmandade".

Sábado 20 de decembro ás 19:00 h.

Na Casa da Irmandade.

Coas actuacións de: Bastardos de Rivera, Eme Punk Torra Joy, Eskravos, Kondusión Kolérika, Patrik's Nomine e SudordoTractorista.



Xantar de Nadal da Asociación da Terceira Idade do Burgo.

Domingo 21 de decembro.

No Hotel Congreso.

Reservas no teléfono 639 811 666.



Concerto de Nadal da Banda de Música Santa Cruz de Ribadulla.

Domingo 28 de decembro ás 19:00 h.

Na Casa da Cultura de Santa Cruz.

Tradicional concerto dirixido polo mestre Alejandro Cimadevila

28
DECEMBRO

Tradicional concerto da Banda de Música Santa Cruz de Ribadulla
DIRIXIDA POLO MESTRE:
ALEJANDRO CIMADEVILA

19.00 H | CASA DA CULTURA
SANTA CRUZ DE RIBADULLA | VEDRA

676-698-845 | bmscr@hotmail.es |

DATE DE ALTA NO SERVIZO DE NOVAS!! Así terás a toda a información de interese máis rápida e comodamente!
SÓ TES QUE GARDAR O TELÉFONO 663 893 398 e enviarlle un whatsapp co texto: ALTA EN NOVAS